

OV ORQUESTRA
430 VIGÓ
430

CICLO DE OUTONO 2021



**As 4
estacións
según
Piazzolla**

24 DE OUTUBRO

Auditorio do C/MVigo 12:00H

Raquel Areal (Violín)
Roc Fargas (Director)
Orchestra Sinfónica Vigo 430

**PROGRAMA
DE MAN**

As 4 estacións según Piazzolla

PRESENTACIÓN

Durante os estudos de composición co seu mestre, o influente Karl Zelter, Mendelssohn compuxo as súas sinfonías para corda: un total de doce entre 1821 e 1823. A sinfonía nº 9 en concreto foi composta en só dúas semanas, entre o 28 de febreiro e o 12 de marzo de 1823. O primeiro movemento empeza cunha solemne introdución lenta ao modo de Haydn que conduce a un allegro cun vigoroso tema, seguido dun segundo

máis lírico. No andante emprega instrumentos solistas (catro violíns, dous violas, violonchelo e contrabaixo) creando unha sensación de música de cámara. O scherzo contén un trio inspirado no folclore suízo (que o propio autor titula como La Suisse) froito dos recordos dunhas vacacións pasadas coa súa familia en xullo de 1822 nos Alpes suízos, cuxa música popular inspirou este movemento. A sinfonía termina cun allegro vivace onde demostra a súa gran mestría no contrapunto a pesar da súa mocidade. En definitiva, unha obra plena de imaxinación e de calidade.

Excedida xa a metade do pasado século XX, Astor Piazzolla (1921–1992), gran mestre arxentino do tango, soubo como ninguén difuminar case ata a inexistencia a liña entre a música clásica e a popular do seu país. Conxugaba a súa formación de harmonía e escritura clásica, que aprendera con Nadia Boulanger, coa da súa paixón polo bando-neón e o xénero popular por excelencia na Arxentina. As Catro Estaciones Porteñas son consideradas como unha das composicións fundamentais no seu catálogo. Non foron compostas á vez, senón que foron chegando con algúns anos de diferenza: Verán Porteño data de 1964, Outono Porteño de 1969, e Primavera Porteña e Inverno Porteño de 1970. Non as concibiu como unha obra indisoluble: poden ser interpretadas cada unha de maneira independente. Pero unha vez

que as compuso todas, interpretounas de maneira conxunta e así se foron interpretando e gravando posteriormente. Foron concibidas para quinteto de bandoneón, violín, piano, guitarra eléctrica e contrabaixo, a excepción do inverno, orixinalmente escrito para viola en lugar do violín. Entre 1996-1998 o compositor ruso Leonid Desyatnikov expuxo unha nova disposición das obras orixinais coa que crear un vínculo máis evidente entre Vivaldi e Piazzolla, estruturando cada unha das obras en tres seccións e reescribíndoas para violín solista e orquestra de cordas. En cada obra incluíu algunhas citas da obra orixinal de Vivaldi, aínda que como as estacións invístense dependendo dos hemisferios norte e sur, os elementos citados do inverno vivaldiano introducíronse por exemplo no seu Verán Porteño.

PROGRAMA



Sinfonía para cordas n.º 9 en do maior

Felix MENDELSSOHN

(Hamburgo 1809 - Leipzig 1847)

1. Grave – Allegro

2. Andante

3. Scherzo

4. Allegro vivace





As catro
estacións porteñas
(Adaptadas por
Leonid Desyatnikov)

Astor PIAZZOLLA
(Mar del Plata 1921 - Buenos Aires 1992)

1. Verán
2. Outono
3. Inverno
4. Primavera

Raquel Areal

Violín



Nace en Tui, no ano 1999, onde comeza os seus estudos musicais. Continúa a súa forma

ción en ARTAVE e na Escola Profesional de Música de Espinho.

Entre 2016 e 2021 é alumna da Escola Superior de Música Reina Sofía de Madrid cos profesores Zakhar Bron e Yuri Volguin onde se lle conceden bolsas de Copasa e da Fundación Albéniz.

Recibiu clases de Ani Schnarch, Agustín León Ara, Natalia Prishepenko, Christoph Poppen, Doura Schwarzberg, Miriam Fried, Christian Tetzlaff ou Silvia Marcovici; e no ámbito camerístico de Jonathan Brown, Günter Pichler, Radovan Vlatković, Klaus Thunemann, Pascal Moragues e Márta Gulyás entre outros.

Foi galardoada con varios premios nacionais e internacionais, entre eles o Concurso Juventudes Musicales de España na súa 89ª Edición (2018) e Primeiro Premio no Lipinski & Wieniawski Violin International Competition (Polonia, 2018).

Traballou con varias orquestras como Joven Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta Sinfónica de Galicia, Orquesta do Teatro Real, entre outras e con directores como Dima Slobodeniouk, Andrés Orozco -Estrada, Pablo González, Jaime Martín, Andrés Schiff, Péter Eötvös, Pablo Heras Casado, David Afkham e Gustavo Dudamel.

Actuou en casa dá Música, Teatro Real de Madrid, Auditorio Nacional, Sala Koncertowa Orkiestry Zamosc (Polonia), Capela St. John Francis Regis Chapel (Regis University of Denver- Colorado), Palau da Música Catalá (Barcelona) entre outros.

Como solista interpretou baixo a batuta de Pedro Neves, Hansjörg Schellenberger, Jean-Marc Burfin e Tadeusz Wicherek obras como As catro estaciones de A. Vivaldi, Concerto para violín e orquestra de F. Mendelssohn, Concerto para Violín e Orquestra nº 5 de W.A.Mozart e o Concerto para Violín e Violonchelo de J.Brahms.

Colaborou con grandes intérpretes interpretando o Concerto dobre de Bach para dous violíns co violinista Zakhar Bron, o Quinteto de op. 81 Dvorak en Praga co pianista Ivan Klánsky e o Octeto para corda de Mendelssohn co violonchelista Miklós Perényi durante o XX Encontro de Música e Academia de Santander 2021.

Membro do Cuarteto Óscar Esplà de Asisa, baixo a tutela do Profesor Heime Müller. Recibiron durante dous anos consecutivos Mención ao grupo máis sobresaliente. Así mesmo, foron galardoadas co Premio EMCY (European Union of Music Competitions for Youth) no Concurso Mocidades Musicais de España 2019.

Con 22 anos recentemente cumpridos acaba de gañar praza na Orquesta Nacional de España.

Roc Fargas

Director



Roc Fargas i Castells, director de orquestra nascido en Barcelona, formouse na Cambridge University como musicólogo e posterior-

mente na Royal Academy of Music de Londres como director de orquestra e violista barroco con bolsa completa. A Roc outorgáronlle a bolsa do Banco Sabadell e a British Spanish Society para estudantes españois no Reino Unido. Tamén contou co apoio do Instituto Cervantes, estreando por primeira vez no Reino Unido a pantomima bailada de 'O Corrixidor e a molinera' de Manuel de Falla, e dirixindo a zarzuela 'O Trust dos Tenorios' de José Serrano na Royal Opera House de Mumbai, India. Recentemente, Roc estreou a ópera-folk María Soliña do compositor Nacho Mañá coa Orquestra Vigo 430 en Cangas do Morrazo e Pontevedra.

Roc asistiu e preparou orquestras para os directores Sir Mark Elder, Ed Gardner, Ludovic Morlot, Trevor Pinnock, Jac van Steen, Robert Treviño e John Wilson. Recentemente foi seleccionado como director asistente da Royal Academy Opera para unha produción de 'Così fan tutte' de Mozart, onde tivo a oportunidade de traballar co director musical Laurence Cummings. Roc tamén ten unha relación próxima co director de orquestra Juanjo Mena:

A asistencia que me proporcionou Roc en termos de balance e interpretación non ten prezo. A súa preparación é sempre excelente e dispón dun gran coñecemento auditivo da partitura.

Como violista barroco, Roc actuou cos conxuntos de Música Antiga Academy of Ancient Music e Florilegium, e como cantante co coro London Symphony Chorus, compartindo escenario con artistas como Sir Simon Rattle, François Xavier Roth, Jane Glover, Philippe Herreweghe, John Butt, Rachel Podger, Masaaki Suzuki, Gianandrea Noseda e Simon Halsey.

Actualmente Roc estuda dirección de orquestra con Nicolás Pasquet no prestixioso curso Konzertexamen na Franz Liszt Academy de Weimar, Alemaña, dirixindo orquestras como a Staatskapelle de Weimar, Jena Philharmonic, e Hradec Králové Philharmonic.

INTÉRPRETES

Orquestra Vigo 430

Violines I

Ariel Sanches (concertino), Mario Peris, Catarina Resende, Desislava Vaskova, Cibrán Pérez, Laura Seoane, Irene Cebada, Manuel A. Cebrián

Violines II

Ana Shi Yu, M^a Victoria Jericó, Andrea Rubio, Uxía G. Ferreiro, Nicolás Fraga, Sabela Hughes

Violas

Ana Martínez, Alba de Diego, Laura Puga, Alba Novoa

Violonchelos

Emilija Mladenovic, Pablo Linares, Laura Juncal, Irina Morozova

Contrabaixos

Raquel Miguelez, Covadonga Perera, Pablo Estébanez

EQUIPO DA ORQUESTRA



Director-xerente
Javier Escobar

Administración e xestión
María Alonso

Patrocinan:



VIGO
MUSICA
.COM



Anxo Cabreira Luthier

Co soporte de:

Universidade de Vigo

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Colaboran:

CSMV
CONSERVATORIO SUPERIOR
DE MÚSICA DE VIGO

